

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE ABRIL DE 2023

Ás 10:10 horas do día 20 de abril de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 17 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 9a, 10a, 11b, 11c e 11d)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 9b, 10b e 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 14 de abril de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 14 de abril de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,15
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,00
3	CIVISGLOBAL, S.L.U.	87,25
4	ORECO BALGÓN	83,39

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Trátase dun contrato susceptible de ser cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 13 de abril de 2023 polo que se exclúe deste procedemento a CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.	88.00
2	SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, S.A.U.	71.79
3	UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, S.L. - NORINTEGRA, S.L.	67.60

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U. (A-47.379.235), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) (lotes 1, 2, 3, 4 e 6)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3, 4 e 6 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 3 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano de 2023 nos Colexios de Educación infantil e primaria, polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de data 06/02/2023, redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 16/02/2023, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 166.074,61 euros IVE incluído, para a contratación da subministración de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos Colexios de Educación Infantil e primaria, polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego, por procedemento aberto, con cargo á aplicacións orzamentarias 3230.212.0000 (Reparacións e mantemento edificios dos colexios) e 3230.203.0000 (Aluguer de maquinaria) do vixente exercicio orzamentario do Servizo de Educación.

O valor estimado do contrato estipúlase en 137.251,74 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 23 de marzo de 2023, acordou:

"Declarar deserto o lote 5 "Materiais para carpintería de aluminio" do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) porque o único licitador presentou a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación".

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 5 de abril de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por GARCIVENTA, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29247-332) na seguinte orde descendente:

LOTE 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros.

	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1º	GARCIVENTA S.L.	100,00
2º	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO S.L.	85,52
3º	SUMINISTROS PUNTO FIJO S.L.	43,11

LOTE 2: Materiais para útiles e consumibles.

	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1º	GARCIVENTA S.L.	100,00
2º	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO S.L.	82,55
3º	SUMINISTROS PUNTO FIJO S.L.	58,91

LOTE 3: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios.

	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1º	GARCIVENTA S.L.	100,00
2º	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO S.L.	87,20
3º	SUMINISTROS PUNTO FIJO S.L.	53,82

LOTE 4: Materiais para carpintería de madeira.

1- GARCIVENTA S.L. cun total de 100,00 puntos.

LOTE 6: Aluguer de maquinaria.

1- GARCIVENTA S.L. cun total de 100,00 puntos.

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCIVENTA, S.L. (B36797470) (Lotes 1, 2, 3, 4 e 6), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3, 4 e 6, GARCIVENTA, S.L., o día 11 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 13 e 18 de abril, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, GARCIVENTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARCIVENTA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións aviables mediante fórmula de data 30 de marzo de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Adxudicar a GARCIVENTA, S.L. (B-36.797.470) os lotes 1, 2, 3, 4 e 6 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 1 "Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros" é de 23.015,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.994,47 euros cunha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.
- b) O prezo total do lote 2 "Materiais para útiles e consumibles" é de 3.118,42 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 541,21 euros cunha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.
- c) O prezo total do lote 3 "Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios" é de 49.818,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.646,23 euros cunha baixa proporcional única do 21 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 21 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.
- d) O prezo total do lote 4 "Materiais para carpintería de madeira" é de 80.069,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.896,41 euros cunha baixa proporcional única do 23 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 23 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.
- e) O prezo total do lote 6 "Aluguer de maquinaria" é de 5.256,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 912,25 euros cunha baixa proporcional única do 12 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 12 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste" (1.590-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste" (1.590-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 14 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO NOVENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (673.195,59 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 116.835,60 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	673.195,59 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste" (1590-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	180.817,00 €
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A.	172.415,96 €
3	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	139.256,00 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	130.299,51 €
5	MISTURAS, S.A.	124.346,99 €
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	122.733,01 €
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	78.057,31 €
8	FARIDO, S.L.	62.089,77 €
9	HORBAN HORMIGONES, S.L.	48.236,41 €
10	NAROM, S.L.	37.276,11 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 14 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 17 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 10 de abril de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste" (1.590-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 454.407,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.864,03 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun "PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 10 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO" (expediente 1514-441)".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste" (1.594-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste" (1.594-441)

ANTECEDENTES"

Primeiro.- Con data do 28 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 15 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS ONCE MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (611.436,51 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 106.117,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2023	611.436,51 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste” (1594-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	159.175,62 €
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A.	156.598,49 €
3	MISTURAS, S.A.	136.689,43 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	133.050,61 €
5	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	121.731,45 €
6	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	110.159,64 €
7	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	71.805,89 €
8	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	63.114,40 €
9	FARIDO, S.L.	51.138,33 €
10	HORBAN HORMIGONES, S.L.	38.960,13 €
11	NAROM, S.L.	25.771,29 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 14 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 17 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 12 de abril de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 13 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste" (1.594-441) por un prezo total de 418.834,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 72.690,20 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun "PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO" (expediente 1514-441)".

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1.593-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1.593-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 15 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (673.224,71 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 116.840,65 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan rev. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	673.224,71 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 31 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira” (1593-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	123.294,71 €
2	COVSA	111.555,01 €
3	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ANTONIO FILLOY, S.A.	110.720,43 €
4	MISTURAS SA	91.081,06 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI SL	87.776,49 €
6	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	85.182,40 €
7	NAROM S.L.	26.372,61 €



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE SL (B36024933), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o día 4 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 19 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES VALE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 23 e 27 de marzo de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B-36.024.933) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1.593-441) por un prezo total de 524.038,11 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 90.948,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun "PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT"(expediente 954-441)".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:40	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4C-C2D225-85AF57-ZL7AY2-X8HKTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		